

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009190	IES As Lagoas	Ourense	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	2ª Lingua estranxeira I: Alemán	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	42
4.2. Materiais e recursos didácticos	43
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	44
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	45
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	45
6. Medidas de atención á diversidade	45
7.1. Concreción dos elementos transversais	46
7.2. Actividades complementarias	46
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	47
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	48
9. Outros apartados	49

## 1. Introducción

A rápida evolución das sociedades actuais e a súas múltiples interconexions esixen o desenvolvemento de aquelas competencias que axuden aos individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de Referencia de Competencias para a Cultura Democrática, nas actuais sociedades, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren o diálogo intercultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta clave no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de

Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas ampliando as perspectivas do alumnado.

Instrumento de coñecemento, comunicación e creatividade, as linguas vehiculan, ademais, culturas e modos de ser e de facer. Así, o coñecemento de varias linguas pon a persoa usuaria en contacto cunha diversidade rica e complexa de experiencias e de construcións culturais, tanto individuais como colectivas.

O coñecemento de linguas é, pola súa vez, un instrumento esencial para a existencia curiosa e participativa nun mundo global, no cal se desenvolve un sentido de comunidade que está a dar lugar a comunidades dixitais, estilos de vida, hábitos de consumo e sensibilidades comúns respecto do que consumimos ou das condicións ambientais. Transitar adecuadamente, con instrumentos lingüísticos e culturais suficientes, por estes ámbitos da globalización, converteuse nunha necesidade para que poidan fluír o diálogo intercultural, a solidariedade internacional e os dereitos humanos universais.

A materia de Lingua Estranxeira contribúe á adquisición das distintas competencias clave que conforman o Perfil de saída do alumnado ao término da ensinanza básica e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso de distintas linguas de forma apropiada e eficaz para o aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non soamente a dimensión comunicativa, senón tamén os aspectos históricos e interculturais que

conducen ao alumnado a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural e contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Lingua Estranxeira na etapa de Educación Secundaria Obligatoria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada na lingua estranxeira, de modo que permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar en esa lingua con eficacia, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

Ao acceder á educación secundaria obrigatoria, o alumnado desenvolveu xa suficientemente a súa competencia comunicativa e pode recoñecer sen dificultade as exixencias de adecuación demandadas polos compoñentes das distintas situacións de comunicación; ao longo da educación primaria desenvolveu unha metalinguaxe suficiente para identificar diferenzas e similitudes entre as linguas; e o contacto con polo menos unha lingua estranxeira púxoo en relación, aínda que sexa elemental ou pouco profunda, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Isto permitiu o desenvolvemento de actitudes de curiosidade,

empatía, reflexión e tolerancia, ao que contribuíría, igualmente, a súa escolarización no noso sistema educativo, respectuoso e comprometido coa diversidade. É, pois, nesta nova etapa educativa cando o alumnado posúe a madurez lingüística e social suficiente para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.

Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras 'vivas ou clásicas' e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas. Pois ben, a final das contas, todas as linguas seguen un desenvolvemento similar, servindo ao entendemento e á comunicación humana.

Pola súa banda, a segunda lingua estranxeira contribuírá a que o alumnado desenvolva a súa competencia intercultural, abríndolle o ámbito da alteridade e axudándoo a comprender mellor os demais, así como ampliando as súas competencias de mediación entre diferentes grupos sociais e a súa capacidade de cuestionar aqueles aspectos da súa propia cultura que puidesen parecer incuestionables. Así, mediante a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira desenvolveranse actitudes abertas para aprender tanto a xestionar con

intelixencia emocional outras formas de contacto coa alteridade, como a afrontar con curiosidade, empatía e seguridade o encontro co descoñecido.

En consecuencia con todo o anterior, os obxectivos da materia de Segunda Lingua Estranxeira na educación secundaria obrigatoria toman en consideración as competencias adquiridas durante a educación primaria. Isto implica ter en conta como coñecementos previos as súas estratexias comunicativas, xa adquiridas, de comprensión, produción, interacción e mediación, aínda que se entende esta última, neste contexto de adquisición dunha segunda

lingua

estranxeira, como a actividade orientada a transmitir mensaxes básicas co fin de facilitar a comprensión mutua e de transferir información igualmente básica.

En canto aos criterios de avaliación da materia, aseguran a consecución dos obxectivos, polo que se presentan directamente vinculados a eles. Na súa formulación competencial, exponse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe mostrar, xunto co contexto ou modo de aplicación e uso do devandito proceso ou capacidade. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de educación secundaria.

Pola súa banda, os contidos son os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a realización das aprendizaxes e a avaliación das capacidades ou procesos enunciados nos criterios de avaliación. Estrutúranse en tres bloques.

O bloque «Comunicación» abarca os coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades lingüísticas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas. O bloque «Plurilingüismo» engloba as estratexias e os procesos, de maneira que aqueles traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas das demais. O dominio das aprendizaxes establecidas neste bloque vai permitir que o alumnado poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos propios da lingua estranxeira e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente.

Por último, no bloque «Interculturalidade», agrúpanse os coñecementos, destrezas e actitudes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais que estas posibilitan. Resultan esenciais neste bloque as actitudes de interese, aprecio e respecto por outras linguas, variedades lingüísticas e culturas. Neste sentido, o currículo de Segunda Lingua Estranxeira estrutúrase ao redor da variedade estándar da lingua coa única finalidade de que a persoa usuaria poida comunicarse cun maior número de persoas interlocutoras.

Segundo regula o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira - Alemán en 1º BACH no IES As Lagoas de Ourense.

A materia Segunda Lingua Estranxeira: Alemán impártese en 1º BACH como materia optativa e conta cunha carga semanal de 4 sesións. O Departamento de Alemán ten encomendada a docencia de 1 grupo da materia 2ª Lingua Estranxeira - Alemán en 1º BACH cun número de alumnado de 11 alumnos.

Grazas ao programa CUALE, ofrecese ao alumnado a posibilidade de presentarse as probas de certificación A2 /B1, de especial importancia, dado ao peso que ten a lingua alemá na Comunidade Europea, sendo a lingua con maior número de falantes nativos (aproximadamente 120 millóns) e a importancia dos países xermanofalantes no eixo sociocultural e económico da UE.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados, para responder ás necesidades comunicativas.	2-3	1-2	1	1	40			
OBX2 - Producir textos claros, ben organizados e con certo detalle, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma adecuada, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-3	40			32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas, con corrección e fluidez suficiente, cunha pronuncia claramente intelixible para facerse entender sen dificultade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		31	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, en intercambios sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica, usando estratexias e coñecementos eficaces para crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31			
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, e facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios, para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz, e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais.	5	3			31	3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Wir sind wieder da!	Describir persoas. Falar sobre a fin de semana. Expresar desexos e reaccionar aos dos demais. Expresar información de forma abreviada. Contar unha historia. ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS -Léxico relacionado con: actividades de tempo libre e descrición de lugares cotiáns, emocións. -Repaso: Perfekt. -Abreviar frases coa axuda da conxunción und.	15	25	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Wir sind wieder da!	-Repaso: Colocación dos adxectivos diante do nome (nominativo e acusativo). -A entoación e pronuncia para recoñecer emocións.	15	25	X		
2	So sind wir	Expresar desexos e ilusións. Expresar diferenzas ou contrastes. Dar a razón ou contradicir a alguén. Expresar o motivo de algo. Expresar a opinión sobre unha cuestión concreta e xustificalo. Contar algo sobre un mesmo. Desenvolver o interese por utilizar a lingua alemá para comunicarse en clase. <b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b> - Léxico relacionado coas fortalezas e debilidades de cada un, a formación en xeral e a contorna escolar e familiar. -Repaso: Uso das frases subordinadas con dass, weil. -Formación e uso da frase subordinada con obwohl. -Repaso: Uso da frase subordinada con wenn. -Fluidez na lectura valorando o ritmo, acento e separación por medio de pausas. -Uso do Steckbrief como instrumento para realizar unha descrición máis detallada sobre alguén.	15	25	X		
3	Darfst du das?	Falar sobre dereitos, permisos e prohibicións. Abordar problemas e atopar unha solución xunto con outros. Expresar o que se pensa ou o que se quere respecto a unha actividade. Entender unhas indicacións ou regras nun lugar público. Propoñer solucións a situacións concretas. Desenvolver o interese por utilizar a lingua alemá para comunicarse en clase. <b>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS</b> -Léxico relacionado coas tarefas do fogar, actividades que poden facer ou non os mozos e os adultos. -Repaso: Modalverben. -Formación e uso de frases con zu + Infinitiv. -A acentuación da frase no uso de frases con zu + Infinitiv.	20	25	X	X	
4	So würde ich gern wohnen!	Descibir onde vive cada un segundo a súa situación. Analizar unha estatística. Falar sobre desexos e ideas. Ler unha entrevista e falar sobre as vantaxes e inconvenientes dun estilo de vida	15	25		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	So würde ich gern wohnen!	<p>concreto. Entender anuncios sobre lugares para vivir. Comparar diferentes informacóns persoais sobre o lugar onde se vive. Escribir como lle gustaría vivir a cada un. ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS -Léxico relativo a tipos de vivenda, lugares da cidade e elementos do fogar. -Posición do adxectivo diante do nome en dativo. -Formación e uso do Konjuntiv II: wäre, hätte, würde + Infinitiv. -A entoación do ritmo teniendo en cuenta a sílaba tónica.</p>	15	25		X	
5	Das tun wir für die Umwelt	<p>Falar sobre o medio ambiente. Facer propostas e dar consellos. Intercambiar accións para resolver problemas ambientais. Indicar obxectivos das accións. Expresar a posibilidade de facer algo. Entender textos sobre a concienciación do coidado do medioambiente</p> <p>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS Léxico relacionado co medioambiente, produtos que danan e outros que axudan a conservalo. Repaso: Komparativ. Formación e uso do Konjuntiv II: könnte, sollte. Frases con sondern. Formación e uso das frases subordinadas con um¿zu + Infinitiv. A preposición aus + Material A pronuncia de palabras con incremento de consonantes.</p>	15	20		X	X
6	Die Stadt sind wir!	<p>Describir con máis precisión cosas, persoas e lugares. Discutir sobre proposta. Planear un proxecto de forma conxunta. Falar sobre proxectos laborais de futuro. Propoñer melloras para lugares que frecuentan os mozos. Comprender un texto sobre un parque.</p> <p>ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS -Léxico relacionado con lugares da parte da cidade onde se vive, profesións e obxectos cotiáns -Formación e uso da oración subordinada de relativo co pronome en nominativo ou acusativo. -Formación e uso da oración subordinada de relativo con wo.</p>	20	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Die Stadt sind wir!	-Entoación da melodía, separación e pausas ao expresar unha oración subordinada de relativo.	20	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Wir sind wieder da!	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	Extraer un 60% do contido relevante e analizar as ideas principais, a información e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, escritos.	PE	50
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	Recoñecer e usar estratexias de comprensión (incluídas as paralingüísticas) para inferir significados.		
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade sobre temas xerais ou máis específicos, de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos que se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Recoñecer e usar estratexias de comprensión (incluídas as paralingüísticas) para inferir significados.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Buscar información en fontes confiáveis sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación, para o proxecto que se está a levar a cabo.		
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación, para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas		
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade e de estrutura clara, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección alto (+75%) formularios e documentos moi básicos.		
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os que teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá, e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación. Participación activa na aula (Sprechen)	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar activamente con outros alumnos, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interactuar activamente con outros alumnos, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.		
CA1.14 - Utilizar, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 60% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Poñer en práctica todos os recursos e estratexias previamente estudados e aplicalas adecuadamente		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Actitude e participación activa na aula.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Participación e colaboración na aula na resolución e exercicios e outras actividades grupais. Transmitir eficazmente a información cando menos no 60% das ocasións		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento no seu entorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participación e colaboración activa na aula na resolución de problemas e actitude respetuosa na aula de cara aos compañeiros		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e recoñecer as diferencias e / ou similitudes entre as linguas que coñecemos nos seus diferentes aspectos como fonética, léxico, morfoloxía, sintaxe		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Fomentar a autoavaliación como recurso imprescindible no progreso de aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Fomentar a autoavaliación e a coavaliación como recurso imprescindible no progreso de aprendizaxe na aula		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Considerar satisfactoriamente a propia competencia lingüística e intercultural que leve ao alumnado a coñecer, comprender e respectar as diversidades lingüísticas e culturais, e así contribuír a que poida exercer esa cidadanía global independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar una actitude respectuosa e tolerante fronte a diversidade e as outras culturas. Rexeitar os estereotipos discriminatorios. (Landeskunde)		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Considerar satisfactoriamente a propia competencia lingüística e intercultural que leve ao alumnado a coñecer, comprender e respectar as diversidades lingüísticas e culturais, e así contribuír a que poida exercer esa cidadanía global independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Amosar una actitude respectuosa e tolerante fronte a diversidade e as outras culturas, como medio para o seu propio crecemento individual. Recoñecendo os estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuzos. Explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Defender e apreciar a diversidade lingüística, sociocultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respetando os principios de xustiza, equidade e igualdade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar críticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia dos países da lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sostibilidade e os valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais).</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expressar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expressar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expressar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir.</li> <li>- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.</li> <li>- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.</li> <li>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.</li> <li>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).</li> </ul>

## Contidos

- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos, e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.¿).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	So sind wir	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	Extraer un 60% do contido relevante e analizar as ideas principais, a información e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, escritos.	PE	50
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	Recoñecer e usar estratexias de comprensión (incluídas as paralingüísticas) para inferir significados.		
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade sobre temas xerais ou máis específicos, de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos que se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Recoñecer e usar estratexias de comprensión (incluídas as paralingüísticas) para inferir significados.		
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación, para o proxecto que se está a levar a cabo.		
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación, para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.</p>	<p>Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade e de estrutura clara, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión</p>		
<p>CA1.9 - Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.</p>	<p>Completar cun grao de corrección alto (+75%) formularios e documentos moi básicos.</p>		
<p>CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.</p>	<p>Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.</p>		
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación, para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade e de estrutura clara, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección alto (+75%) formularios e documentos moi básicos.		
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os que teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá, e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación. Participación activa na aula (Sprechen)		
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar activamente con outros alumnos, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	TI	50
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interactuar activamente con outros alumnos, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.14 - Utilizar, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 60% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Poñer en práctica todos os recursos e estratexias previamente estudados e aplicalas adecuadamente.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Actitude e participación activa na aula.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Participación e colaboración na aula na resolución e exercicios e outras actividades grupais. Transmitir eficazmente a información cando menos no 60% das ocasións		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento no seu entorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participación e colaboración activa na aula na resolución de problemas e actitude respetuosa na aula de cara aos compañeiros		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e recoñecer as diferenzas e / ou similitudes entre as linguas que coñecemos nos seus diferentes aspectos como fonética, léxico, morfoloxía, sintaxe.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Fomentar a autoavaliación como recurso imprescindible no progreso de aprendizaxe.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Fomentar a autoavaliación e a coavaliación como recurso imprescindible no progreso de aprendizaxe na aula		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Considerar satisfactoriamente a propia competencia lingüística e intercultural que leve ao alumnado a coñecer, comprender e respectar as diversidades lingüísticas e culturais, e así contribuír a que poida exercer esa cidadanía global independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar una actitude respectuosa e tolerante fronte a diversidade e as outras culturas. Rexeitar os estereotipos discriminatorios. (Landeskunde).		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Considerar satisfactoriamente a propia competencia lingüística e intercultural que leve ao alumnado a coñecer, comprender e respectar as diversidades lingüísticas e culturais, e así contribuír a que poida exercer esa cidadanía global independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Amosar una actitude respectuosa e tolerante fronte a diversidade e as outras culturas, como medio para o seu propio crecemento individual. Recoñecendo os estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízosos. Explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Defender e apreciar a diversidade lingüística, sociocultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respetando os principios de xustiza, equidade e igualdade		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia dos países da lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sostibilidade e os valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.



## Contidos

- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais).
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos, e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.

## Contidos

- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a seguir adaptarase ao perfil do alumnado, combinando varios enfoques e métodos na materia, pero sempre intentándoa centrar no interese dos alumnos e o apoio necesario para conseguir os obxectivos do aprendizaxe. Séguese un enfoque comunicativo e colaborativo, co que se pretende dotar ao alumnado coas ferramentas suficientes para conseguir unha comunicación efectiva coas persoas que usan a lingua alemá:

-Traballo da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Trátase de aspectos intrínsecos na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, de maneira que en cada sesión tentárase de adicarlle tempo a maioría deles. Este elemento contribuirá á consecución da competencia clave en comunicación lingüística.

- Fomento da creatividade, da autonomía, da iniciativa, do traballo en equipo, da confianza nun mesmo e o sentido crítico como medios para afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa.

Este método promove, mediante as actividades que inclúe, o desenvolvemento da creatividade (proxectos en formato mural e powerpoint, etc.), a autonomía (mediante a aprendizaxe de estratexias de aprender a aprender), a iniciativa (liberdade de decisión sobre a maneira de levar a cabo determinadas actividades), o traballo en equipo (actividades en grupo), a confianza nun mesmo (actividades deseñadas para obter resultados de éxito) e o sentido crítico promovendo que os alumnos expresen as súas opinións e puntos de vista sobre, entre outros aspectos, as diferenzas culturais entre a sociedade propia e a sociedade da lingua meta). Este elemento contribuirá á consecución das competencias clave (Dixital, Aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor).

O traballo por proxectos tamén é una ferramenta que se presta para as clases de lingua estranxeira. Isto fomenta o traballo colaborativo e as competencias sociais.

- Aprendizaxe lúdico co fin de motivar o alumnado na aprendizaxe da lingua alemá. Fomentar de este modo un ambiente máis distendido na aula. O xogo é unha forma entretida de aprender. O alumnado non sente a obriga de aprender un contido, pola contra, o proceso de aprendizaxe dáse de forma natural. Ademais, o xogo é un aliciente que fomenta unha participación activa que esixe un esforzo de atención, movemento e logro dun obxectivo.

- Actividades complementarias ou extraescolares adaptadas aos grupos. Concretamente para o 1º BACH:

Participación no intercambio escolar coa escola alemán Kepler-Gymnasium en Freudenstadt; presetnacións; creación de vídeos; etc.

#### RECURSOS

Utilizaranse recursos didácticos diversos e fontes de información variadas co fin de achegar a cultura dos países de linguas alemás o mais preto posible ao alumnado.

1) Material auténtico, webs en lingua alemá, audios e vídeos, etc.

2) Recursos dixitais: Internet e o desenvolvemento das novas tecnoloxías da información (TICs), cuxo soporte principal é o ordenador, ofrecen á pedagogía das linguas estranxeiras no marco escolar novas perspectivas de ensino e aprendizaxe, mesmo se a utilización das devanditas tecnoloxías segue sendo, polo momento, complementaria a outros recursos máis tradicionais. Por outra banda, Internet é unha rede mundial de comunicación e de apertura que o profesor pode aproveitar como fonte de documentación para as súas clases: xornais, sitios culturais, turísticos, etc. As posibilidades son infinitas. A aula virtual do centro é outra ferramenta imprescindible na nosa materia como guía do temario. Na aula virtual atópanse materiais utilizados na clase, materiais de reforzo, exercicios, tarefas e probas. Unha forma de reforzar a adquisición da competencia dixital.

3) Auxiliar de conversa: Neste curso contamos cunha auxiliar de conversa o que é un factor importante á hora de achegar a lingua e cultura alemás ao alumnado. Significa un vínculo directo coa realidade sociocultural e lingüística da lingua meta e reforzo especialmente a expresión e comprensión oral do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Wir alle B1.1 (Kurs-und Übungsbuch)
Wir alle. B1.1. Audio- und Videodateien
Aula virtual
Materiais propios do profesorado
Recursos dixitais (diccionarios online, exercicios online, webs específicas para a nosa materias, etc.)
Diccionarios
Documentos auténticos (textos, audios, videos, etc.)

As unidades están estruturadas, estando incluídas en 4 módulos (3 leccións por módulo) e ofrecen unha progresión moderada e exercicios paso a paso. A construción modular proporciona unha boa orientación e os tipos de exercicios recorrentes e as tarefas concretas facilitan a aprendizaxe de novos contidos. Os obxectivos de aprendizaxe revísanse ao final de cada lección e apóianse en exercicios online.

O apartado "Wir starten" ofrece unha visión máis progresiva aínda sobre os contidos que se verán nos capítulos que comprendan cada módulo, así como unha introdución máis intuitiva dos temas que se van a aprender nos mesmos. Os capítulos constan de 8 páxinas no libro do alumno. Ao final de cada lección aparecen dúas páxinas cunha sección de fonética e pronunciación, unha autoavaliación e actividades adicionais (cancións, proxectos, lecturas etc.). En cada módulo hai exercicios para adestrar as destrezas, resumos gramaticais e contidos sobre a cultura, e inclúe actividades de mediación. Especialmente refórzanse estas destrezas de un modo máis claro nos apartados "Wir trainieren", "Grammatik" e "Land und Leute extra" do libro de clase ou Kursbuch.

Os capítulos constan de 6 páxinas no libro de exercicios e a estrutura dos 4 módulos con 3 leccións correspóndese co libro do alumno. Contén exercicios paso a paso para o traballo individual do alumno. Contén o aprendizaxe do vocabulario ao final dos módulos con exercicios e exemplos. Nos módulos iniciais atopamos entretidos repasos ao comezo de cada tomo. As fotos que mostran situacións dunha familia en Berlín serven de introdución aos temas e facilitan un aprendizaxe intercultural. Ademais, hai un gran abano de opcións de exercicios ao finalizar cada lección.

Os xogos integrados no libro e as plantillas de xogos con fichas para imprimir reforzan o vocabulario e as estruturas de forma lúdica. As páxinas adicionais sobre cultura inclúen vídeos e familiarizan aos estudantes coa cotiandade dos

países de fala alemá. O método utilizado ten uns ficheiros multimedia de audio e vídeo que poden descargarse das web: <https://www.klett-sprachen.es/wir-alle/>

Outra ferramenta moi utilizada nas nosas clases é a aula virtual do centro que se atope no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesaslagoas/aulavirtual/>. Aquí ten o alumnado materiais que se fixeron nas clases, como tamén materiais e enlaces complementarios para afianzar o aprendido na aula.

Este material ampliarase con material elaborado polo profesorado, adaptado segundo as necesidades do grupo (fichas de repaso, exercicios de reforzo ou repaso, etc.). Para esta elaboración temos en conta o material auténtico, p. ex. xornais alemás, folletos, publicidade, tickets de compra, billetes, webs alemás, etc..

Contamos coa nosa auxiliar de conversa que é imprescindible á hora de aportar material de estas características.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non procede en 1º BACH

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	55	50	50	50	<b>51</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	45	50	50	50	<b>49</b>

### Criterios de cualificación:

A nota final por avaliación componse da seguinte forma:

50% - PRÜFUNGEN / Exames e controis

Nos exames oficiais da avaliación serán avaliadas as 4 destrezas máis a gramática de forma equitativa. Axustarase a nota media deste apartado de acordo as probas realizadas..

> 70% Exames (2 por avaliación)

> 20% Controis (tests de vocabulario ou gramática)

> 10% Proba oral

25% - MÜNDLICHE MITARBEIT / Participación activa na aula, actitude na clase, traballo en grupo

25% SCHRIFTLICHE MITARBEIT / Participación e expresión escritas (fichas, redaccións, exames ABAU, libro de exercicios, deberes.)

Se algúns exercicios se entregan fóra de prazo ou non se fan, terán unha penalización (baixa a nota).

Para aprobar a materia:

- O/a alumno/a terá que conseguir unha media mínima de 5, cando menos con dúas avaliacións superadas.

- Como se trata dunha avaliación continua, hai que aprobar a 3ª avaliación para poder aprobar a asignatura.

- Faráse media das tres avaliacións equitativamente.

- Un "cero" ou un "non presentado" nunha das partes avaliábeis, implica que non se fai media final, polo que non se pode aprobar a avaliación.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non acade a nota media dun 5, non supera a materia e terá que presentarse a convocatoria extraordinaria de xuño, que terá dúas partes:

40% - "Cadernillo" con actividades a realizar

60% - Exame final (escrito e/ou oral)

Este alumnado recibirá unhas actividades que deberá entregar o día da proba extraordinaria que puntuará un 40% da nota final. Para iso, recibirá:

- Exercicios de repaso do temario do curso

- Material adicional para reforzar coñecementos

- Atención / explicación personalizada do profesorado para resolver dúbidas do alumnado.

- A realización dos exercicios solicitados axudará á preparación para o exame final en base ós contidos vistos ao longo do curso.

O exame final pode ser escrito e / ou oral e consistirá nun número determinado de preguntas / exercicios acordes ó temario establecido na Programación didáctica e as respostas deben adecuarse ós estándares de aprendizaxe explicitados na Programación didáctica e desenvolvidos ao longo do curso.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non procede neste curso en 1º BACH

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Para cursar a materia de Alemán de 1º BACH requírese o nivel A2 xa que iníciase o nivel B1.1 neste curso. O alumnado procedente doutros centros debe ter en conta isto, xa que a materia de alemán puntúa nas probas ABAU e non temos a posibilidade de ofrecer dous niveis nesta etapa.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As unidades didácticas deseñáronse para todo o alumnado contemplando a súa diversidade de intereses e necesidades. Nos casos necesarios, a secuencia dos contidos didácticos pódese adaptar ás necesidades particulares mediante actividades de estadas (scaffolding), apoios específicos e recursos adicionais tales como glosarios, traballo previo do léxico, listas de vocabulario con ilustracións, fichas de Quizlets, exercicios adicionais, etc.

O emprego dunha metodoloxía baseada en unidades didácticas permite un traballo continuo da aprendizaxe reforzando a súa adquisición conforme aos diferentes ritmos e estilos do alumnado, de maneira que o plan de reforzo e recuperación está integrado na secuencia proposta.

Con todo, a atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Para atender estes casos eficazmente contamos coa colaboración do equipo de orientación, dos titores e da dirección. O equipo de orientación informará dos protocolos a seguir cos distintos casos de necesidades educativas especiais e aplicárase sempre que as familias amosen estar de acordo.

En 1º BACH pode vir alumnado de outras escolas que veñen facer o bacharelato ao noso centro. O nivel de alemán deste alumnado non sempre equivale ao axeitado para cursar 1º BACH. Podemos apoiar este alumnado co materiais e coa axuda da auxiliar de conversa.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para unha vida saudable	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Civismo e cooperación	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade e sentido artístico	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Concienciación sobre o cambio climático, educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Intercambio escolar co instituto alemán Kepler-Gymnasium de Freudenstadt	Intercambio escolar coa nosa escola socia en Freudenstadt. Nos iremos alá en marzo de 2023 e eles veñen en abril de 2024		X	
Posible viaxe de estudos a unha cidade alemá	Ao final do 3º trimestre			X
CUALE	Preparación dos exames de certificación A2 e B1	X	X	X
Viaxe ERASMUS+ a Hungría	Vai o alumnado de alemán por seren un proxecto en lingua alemá		X	

### Observacións:

Pode haber algunha proposta de actividade por parte do Goethe Institut ao longo do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.
A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado.
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.
Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.
Metodoloxía empregada
A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.
Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus coñecementos previos.
Antes de iniciar unha actividade, expúxose e xustificou o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.), e foron informados sobre os criterios de avaliación.
A distribución do tempo na aula é adecuada.
Facilitáronse aos alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, como buscar información, como redactar e organizar un traballo, etc.
Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coevaluación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ofreceuse aos alumnos un mapa conceptual do tema, para que sempre estean orientados no proceso de aprendizaxe.
Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.).
Medidas de atención á diversidade
Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que, no seu caso, saiban pedir aclaracións.
As actividades grupais foron suficientes e significativas.
O ambiente da clase foi adecuado e produtivo.
Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se alcanzou en primeira instancia.
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, tanto a alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.

Clima de traballo na aula
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses dos alumnos, e construíronse sobre os seus coñecementos previos.
As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e tipo de agrupamento, e favoreceron a adquisición das competencias clave.
Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Proporcionouse ao alumno información sobre o seu progreso.
Houbo coordinación con outros profesores.
Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc.
Outros
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.

#### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente debe enfocarse na:

1. Programación.
2. Desenvolvemento.
3. Avaliación.

Para avaliar os indicadores de logro que figuran arriba, o departamento elaborou unha ficha de autoavaliación onde se puntuará cada un deles nunha escala de entre 1 a 5, sendo 1 o valor de menor logro e 5 o de maior logro. Dita ficha inclúe ademais un apartado de "observacións" explicar o resultado.

Faráse ao final de cada avaliación, sendo mais importante ao final da avaliación final. Trátase de acadar información para poder introducir cambios ou melloras de cara as próximas avaliacións.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento do cumprimento da programación didáctica levarase a cabo ao longo do curso a través do propio programa PROENS, das reunións do departamento e na memoria final do curso.

### PROENS

Na propia aplicación PROENS temos a pestana de ¿Seguimento¿ mediante a cal o profesorado fará un seguimento ao longo do curso. Poderanse concretar as datas exactas de inicio e final de cada UD, das actividades levadas a cabo, propostas de mellora ou modificacións se se dese o caso.

### REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

O departamento reúnese una vez ao mes, en algúns casos con mais frecuencia, se hai mais temas a tratar. Nestas reunións irase facendo o seguimento do cumprimento da programación e se se dese o caso de que non, pois se tomará nota das modificacións correspondentes do/s motivo/s oportuno/s. Especialmente ao finalizar cada avaliación, comprobar se a programación axustouse axeitadamente á temporalización prevista. Sobre todo neste curso que se introduciron novos libros de texto, é importante facer un seguimento da súa acertada adaptación aos cursos. Todo quedará reflectido nas actas da reunións do departamento.



## MEMORIA FINAL

Ao finalizar o curso elaborárase a memoria final da materia. Nesta memoria final figurará o cumprimento da programación en cada curso. Nesta memoria figurarán os seguintes puntos:

- Resultados obtidos por parte do alumnado.
- Grao de cumprimento da programación e explicación pertinente dos motivos en caso de non cumprimento.
- Cambios ou modificacións da devandita programación levados a cabo ao longo do curso.
- Propostas de mellora de fronte ao curso que vén.

## 9. Outros apartados